

OFFICIAL RACQUET, TENNIS BALL AND STRINGER OF THE FRENCH OPEN

RAFAEL
EL ÚNICO
NADAL [SPA]

SERIAL PLAYER
GUILTY OF HIGH PERFORMANCE
AEROPRO DRIVE RACQUET
RPM BLAST STRING

WWW.FACEBOOK.COM/BABOLAT

Babolat
TENNIS RUNS IN OUR BLOOD

REGULAMENTO

O Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat organizado pola Federación Galega de Tenis, disputarase nas categorías Alevín, Infantil e Cadete, masculino e feminino.
As sedes serán establecidas pola Federación Galega de Tenis. Poderán participar nel todos os xogadores/as con licenza federativa en vigor pola RFET no ano en que se realicen as probas, nas seguintes condicións:

O Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat componse de:
a) Seis torneos en cada categoría,
b) Campionatos Galegos Alevín, Infantil (Manuel Alonso) e Cadete
c) Babolat Cup e Master do circuito
A Federación Galega de Tenis resérvase o dereito de facer algunha modificación no sistema de competición si así o estima oportuno.

ENTRADAS

- Os cadros finais estarán compostos por:
 - Categorías masculinas por 32 xogadores/as.
 - 24 aceptados directamente.*
 - 12 por puntos de circuito
 - 12 por clasificación Nacional
 - 8 procedentes da fase previa.
 - Categorías femininas por 16 xogadores/as.
 - 12 aceptadas directamente.*
 - 6 por puntos de circuito.
 - 6 por clasificación Nacional
 - 4 procedentes da previa.
 - Non se poderán conceder prazas de Wild Card.
- Os xogadores poderán inscribirse en dúas categorías como máximo e deberán xogar, se así o estima oportuno o Xuiz Árbitro, os partidos que correspondan a cada categoría nunha sola xornada.
- Non poderán inscribirse nos Torneos do Circuito aqueles xogadores que na mesma semana dalgunha das probas do mesmo, estén representando á nosa Comunidade en Campionatos de España para os que se clasificaron previamente.
- Os xogadores/as que non teñan licenza da Federación Galega, poderán disputar todas as probas do Circuito, a excepción dos campionatos galegos alevín, infantil, cadete e a Babolat Cup.
- Calquera xogador que xogue o Circuito poderá solicitar praza de Lucky Loser para o Master. Devanditas prazas seguirán a orde de clasificación e as normas establecidas para optar a ocupar o posto no caso de non presentación do xogador ou xogadora clasificado.

* Na primeira proba os xogadores/as aceptados directamente saen por clasificación nacional

CABEZAS DE SERIE

- O número de cabezas de serie para os cadros de 32 xogadores serán de 8 *
 - Do 1 o 4 por puntos de circuito.
 - Do 5 o 8 por clasificación nacional.
- O número de cabezas de serie para os cadros de 16 xogadoras serán de 4*
 - Do 1 o 2 por puntos do circuito.
 - Do 3 o 4 por clasificación nacional.

*Nos campionatos Galegos e na Babolat Cup os cabezas de serie designaos a Federación Galega de Tenis, a excepción do Campionato Galego Cadete que serán por Clasificación Nacional.

* Os cabezas de serie da primeira proba serán por Clasificación Nacional.

* A Federación Galega reservase o dereito de facer as modificacións neste articulo se así o considera oportuno.

SISTEMA DE PUNTUACIÓN

- En categoría Infantil e Cadete:
 - Xogarase a 3 sets con tie break en todosos sets.
- En categoría Alevín:
 - Xogarase a 3 sets curtos.
- Por decisión do Xuiz – árbitro, e previa consulta o coordinador do circuito, poderá modificar o sistema de xogo (segundo o Regulamento técnico da RFET), por motivos de tempo ou meteorolóxicos.

ARBITRAXE

- Os clubs organizadores están obrigados a pór xuíces de cadeira desde semifinais en cada unha das probas. É obrigatorio cumprir os requisitos de arbitrxes e de de non facelo serán excluídos durante os 3 seguintes anos do Circuito Xuvenil.

SISTEMA DE CLASIFICACIÓN

- Os xogadores/as participantes nas probas do Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat obterán puntos circuito:
- A partir de dezasaisavos de final nos Campionatos Galegos Alevín, Infantil Manuel Alonso, Cadete e Babolat Cup.
 - A partir de oitavos de final nas restantes probas do Circuito.
 - Estes puntos ao finalizar o Circuito multiplícanse polo coeficiente que oportunamente decida a Federación.
 - A cantidade a repartir e de 8000,00€ en vales de material deportivo a trocar en calquera das tendas que se indicarán ao finalizar o Circuito e antes de comezar o Máster.
 - Para poder optar o Máster e os premios e obrigatorio participar alomenos no 50% das probas circuito (3).
 - Para a clasificación final serán descartados os dous peores resultados de todo o circuito, incluíndo a non participación.
 - A finalización do Circuito os 16 xogadores/as mellor clasificados en cada categoría, terán a opción de disputar o MASTER do Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat onde se repartirán entre os participantes 4000,00€ en vales de material deportivo. Igualmente recibirán vales de material deportivo correspondentes aos seus puntos Circuito. Para iso deberán disputar obrigatoriamente o Master, en caso de non facelo e non confirmar a súa asistencia, o seu posto será ocupado polo 1º suplente e así sucesivamente ata completar os 16 xogadores/as.

SISTEMA DE PENALIZACIÓN

- Os xogadores/as perdedores por WO serán penalizados:
- Cos puntos correspondentes a oitavos de final a 1ª vez.
 - Cuartos de final a 2ª.
 - Exclusión do Circuito por 3ª vez.
- Recoméndase aos diferentes Clubs organizadores das diferentes probas, esixan as inscricións por fax ou e-mail, achegando o xogador todos os datos necesarios, tales como nome, licenza, nº de teléfono e Club ao que pertence, e informarlle ao xogador/a de calquera anomalía que puidese xurdir. O coordinador do Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat é Cayetano Burrieza. Para posibles consultas o seu número de teléfono é: 667688432

**CIRCUITO
GALEGO**

**XUVENIL
DE TENIS**

**BABOLAT
2012**



CALENDARIO

CIRCUITO GALEGO XUVENIL DE TENIS BABOLAT 2012

1ª PROBA CIRCUITO GALEGO XUVENIL

DE TENIS BABOLAT - BABOLAT CUP

DATAS: 10,11,16,17,18,19,20,21,24,25,26 de Febreiro
 CLUB: Club Tenis Pontevedra

CAMPIONATO GALEGO ALEVÍN

DATAS: 3,4,10,11,17 y 18 de Marzo
 CLUB: Club Tenis Coruña

CAMPIONATO GALEGO CADETE

DATAS: do 2 ao 8 de Abril
 CLUB: Ureca Vigo

2ª PROBA CIRCUITO GALEGO XUVENIL

DE TENIS BABOLAT - XXIV TORNEO SANTA RITA

DATAS: 4,5,6,11,12,13,17,18,19,20,25,26,27 de Maio
 CLUB: Club Tenis O Rial

CAMPIONATO GALEGO INFANTIL

DATAS: do 21 ao 28 de Xuño
 CLUB: Squash de Santiago

3ª PROBA CIRCUITO GALEGO XUVENIL

TENIS BABOLAT - XVII TORNEO CONCELLO DE

SANXENXO - STARVIE - FUENTE LIVIANA

DATAS: do 1 ao 8 de Xullo
 CLUB: C.C.D. Sanxenxo

4ª PROBA CIRCUITO GALEGO XUVENIL

DE TENIS BABOLAT

DATAS: do 16 ao 22 de Xullo
 CLUB: Recreo Cultural A Estrada

5ª PROBA CIRCUITO GALEGO XUVENIL

DE TENIS BABOLAT - TROFEO TERESA HERRERA

DATAS: do 6 ao 12 de Agosto
 CLUB: Club Tenis Coruña

6ª PROBA CIRCUITO GALEGO XUVENIL

DE TENIS BABOLAT

DATAS: do 13 ao 19 de Agosto
 CLUB: Casino Mercantil de Pontevedra

MASTER CIRCUITO GALEGO XUVENIL DE TENIS BABOLAT 2012

DATAS: do 3 ao 9 de Setembro
 CLUB: Complexo Bamio



ROLDA	Cto. Gallego	Babolat Cup	M. Alonso	Probas Circuito
Gañador	100 puntos	100 puntos	100 puntos	50 puntos
Finalista	75 puntos	75 puntos	75 puntos	35 puntos
Semifinalistas	50 puntos	50 puntos	50 puntos	20 puntos
Cuartos	35 puntos	35 puntos	35 puntos	15 puntos
Oitavos	20 puntos	20 puntos	20 puntos	10 puntos
Dezaseisavos	15 puntos	15 puntos	15 puntos	
Previa	10 puntos	10 puntos		5 puntos



XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral para o Deporte

DEPORTE
 GALEGO



Comezamos o ano 2012 con renovadas ilusións, unha nova edición do Circuito Rexional bota a andar, baixo o patrocinio da firma Babolat, á que temos que agradecer o seu apoio ao tenis galego.

Durante todas estas probas, espero que todos os xogadores e xogadoras que formen parte del atopen un escenario no que poidan desenvolver as súas habilidades deportivas, sen esquecer o último obxectivo de calquera práctica deportiva: gozar e competir baixo as premisas do respecto e compañeirismo.

Tamén quería ter unhas palabras para todos os clubs que son ou foron sede dalgunha das probas do Circuito. Grazas ao seu traballo e ilusión, fan que este evento sexa unha referencia no noso calendario de competicións.

O pasado ano, España foi campioa da Copa Davis por quinta vez, espero que este circuito sirva para que nun futuro algún de vós forme parte do equipo español de Copa Davis ou da Fed Cup.



Jose A. Pereiro Rodríguez
 Presidente Federación Galega de Tenis

PREMIOS

Categoría ALEVÍN MASCULINO

	€uros
1º Clasificado	295,00 -€
2º Clasificado	183,00 -€
3º Clasificado	132,00 -€

CONTIA DE PREMIOS EN VALES DE MATERIAL DEPORTIVO BABOLAT

Categoría INFANTIL MASCULINO

	€uros
1º Clasificado	295,00 -€
2º Clasificado	183,00 -€
3º Clasificado	132,00 -€

CONTIA DE PREMIOS EN VALES DE MATERIAL DEPORTIVO BABOLAT

Categoría CADETE MASCULINO

	€uros
1º Clasificado	380,00 -€
2º Clasificado	234,00 -€
3º Clasificado	166,00 -€

CONTIA DE PREMIOS EN VALES DE MATERIAL DEPORTIVO BABOLAT

Comeza xa unha nova edición do Circuito Xuvvenil Galego Babolat, aproveito a oportunidade para desexar a todos os participantes sorte na competición, mais sobre todo que podades gozar da práctica do noso deporte e que todo o traballo feito cos vossos profesores ao longo do ano, obteña a súa recompensa.

Para Babolat 2012 é un ano importante; a nosa participación como provedor oficial no Roland Garros e a nosa presenza como encordadores oficiais nos torneos de Barcelona e Madrid, temos que anunciarvos o lanzamento da nosa raqueta mais coñecida: a Pure Drive.

Temos moitas noticias para compartir, e para que non volas perdades, invítovos a engadivros na comunidade Babolat nas redes sociais: facebook, twitter,... atoparedes toda a información na www.babolat.com.

Saúdos tenísticos.

Alex Pardo
 Director Babolat España



MASTER

Categoría ALEVÍN FEMININO

	€uros
1º Clasificada	295,00 -€
2º Clasificada	183,00 -€
3º Clasificada	132,00 -€

CONTIA DE PREMIOS EN VALES DE MATERIAL DEPORTIVO BABOLAT

Categoría INFANTIL FEMININO

	€uros
1º Clasificada	295,00 -€
2º Clasificada	183,00 -€
3º Clasificada	132,00 -€

CONTIA DE PREMIOS EN VALES DE MATERIAL DEPORTIVO BABOLAT

Categoría CADETE FEMININO

	€uros
1º Clasificada	380,00 -€
2º Clasificada	234,00 -€
3º Clasificada	166,00 -€

CONTIA DE PREMIOS EN VALES DE MATERIAL DEPORTIVO BABOLAT

Os Campions e Subcampions do MASTER recibirán un trofeo da Federación Galega de Tenis